IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA

DO 13 DE OUTUBRO Ó 11 DE DECEMBRO

vertixesonora.net



VERTIXE SONORA

2016

OUTONO DE SON AVANZADO

Nº4. Año 2016

promove:

vertixe sonora

colabora:

MARCO · cmus vigo · RADIO GALEGA · CSMV

patrocina:

MUSIK VERKET · INSTITUT FRANÇAIS · inaem · Universidade de Vigo · AGADIC · CONCELLO DE PONTEVEDRA · CONCELLO DE VIGO · Vivimos nunha cidade formosa

FESTIVAL VERTIXE SONORA

ÍNDICE

pax. 1 Presentación

pax. 3 PROGRAMA CONCERTOS

pax. 4 COMA ESPELLOS DUN CALISDOSCOPIO

pax. 5 TOMBEAU ET DOUBLE

pax. 6 TROIS FOIS SILENCE

pax. 7 VOCI VICINE

pax. 8 O ESPIRRO DE FRED OTT

pax. 9 MESA E OBXECTOS

pax. 10 LUZ-NON-LUZ

pax. 11 ENTROPÍAS

pax. 12 DROIT SUR LES CLOCHES

pax. 13 FORO INTERNACIONAL CAuSaL 16

Con nove concertos, sete estreas absolutas e a presenza de artistas convidados de referencia como o dúo Desjardins-Anzelloti, o Kammarensemblen – KeN de Estocolmo, Oh Ton Ensemble de Oldenburg ou o Proyecto OCNOS de Sevilla, o Festival de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora reforza o seu posicionamento no panorama internacional nesta a súa cuarta edición. Unha proposta de programación que recolle o diverso acontecer sonoro da nosa época. Un festival que contribúe ao recoñecemento internacional da nosa comunidade e á construción dunha identidade artística sólida e de prestixio para o territorio.

O cuarto Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea entraña ademais novidades e cambios. O primeiro é a expansión a Pontevedra tras tres primeiras edicións en Vigo de maneira exclusiva. O apoio do concello vigués durante estes anos é clave para entender a súa consolidación. En 2016, dúas cidades comprometidas coa música contemporánea cuxos espazos, desde ermidas a teatros, serán explorados polos sons avanzados de outubro a decembro.

En 2016 a Universidade de Vigo reforza o seu apoio ao Festival Vertixe Sonora e convértese nunha aliada excepcional para este evento. Vertixe Sonora Ensemble, desde a súa creación, opera en Galicia co obxectivo de construír unha plataforma para a creación musical contemporánea. Na constitución desa escena, Vertixe Sonora aposta pola produción artística desde Galicia, polo traballo en rede no ámbito internacional e polo diálogo da música con outras disciplinas, coa concorrencia de creadores e entidades diversas.

O concerto de apertura do festival este ano, que terá lugar o 13 de outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra, está centrado nas compositoras mulleres. Un programa, *Coma espellos dun calidoscopio*, que reivindica a diversidade da feminidade na música contemporánea actual a través da obra de mulleres compositoras en activo de distintas orixes, estética e culturas. Este proxecto responde á liña de traballo emprendida por Vertixe Sonora coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

O Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea contará coa presenza de compositores e intérpretes de referencia, tal como se indicaba. Froitos recollidos do intenso traballo en rede que o ensemble desenvolve ao longo do ano na escena internacional. Así este evento conta co apoio tamén do Musik Verket, Institut Français e do INAEM.

As músicas do festival en 2016

Nesta edición achegarémonos ás músicas en feminino en *Coma espellos dun calidoscopio*, un programa comisariado por Elena Rykova que contará coa colaboración da poetisa María do Cebreiro e presenta cinco compositoras e artistas sonoras de diferentes países. Lamentaremos xunto a Alberto Posadas a morte de cancro do seu amigo, o grande Gerard Mortier -que fora director artístico do Teatro Real en Madrid entre 2010 e 2013- a través do seu magnífico *Tombeau et Double*. Saberemos da crise contemporánea a través da *Paixón para xornalista, video, ensemble e electrónica*, *Voci Vicine/ voces próximas*, que trae en exclusiva o Kammarensemblen – KeN sueco na súa primeira visita a España e na que colabora a periodista do Faro de Vigo, Susana Regueira.

Teremos espazo para a ciencia e recrearemos o instrumento de síntese acústica de Koenig (1832-1901) nunha colaboración exclusiva co Institut für Technikgeschichte da Universidade Técnica de Darmstadt para a estrea absoluta de Eduardo Moguillansky *Droit sur les cloches.* E tamén conmemoraremos o segundo centenario da erupción do volcán Tambora, que dera lugar ao denominado 'ano sen verán' e a aparición de obras mestras da arte e da literatura coma o *Frankestein* de Mary Shelley, *Darkness* de Byron ou moitos dos cadros posteriores de William Turner. E, como non, reflexionaremos sobre o ruído, a orde, a desorde ou a entropía co Proyecto OCNOS que nos visita desde Sevilla, con dúas estreas de Germán Alonso e Nuria Núñez.

En paralelo continuará o labor de divulgación cos proxectos didácticos MÚSICAPORDENTRO e PROXECTO ALIEN en colaboración con diversas entidades educativas da comarca e o FORO INTERNACIONAL cAuSaL16 desenvolvido en colaboración co Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo e o GRUPO de INVESTIGACIÓN DX7 da Universidade de Vigo.

Empeñados en conquistar novas audiencias interesadas en todo o que soa derredor e convertido nunha das principais plataformas para a difusión da música do noso tempo, o festival transforma á cidade nunha sala de concertos no outono en Galicia. Nesta cuarta edición ademais son dúas as cidades que acollen o festival: Pontevedra e Vigo. Cidades que exploran novas sinerxías entre os espazos, os sons e a cidadanía, e renova o seu compromiso coa cultura eliminado as barreiras que nos separan da arte.

Sobre Vertixe Sonora Ensemble

O festival está organizada por Vertixe Sonora Ensemble, un dos colectivos máis destacados na aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes. Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o ciclo MIHLsons na cidade de Lugo ou o ciclo Do Audible coa Secretaría Xeral de Cultura, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

PROGRAMA CONCERTOS
FESTIVAL VERTIXE SONORA DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2016

COMA ESPELLOS DUN CALISDOSCOPIO
Vertixe Sonora Ensemble
Xoves 13 outubro, 20:30h. Sala de Exposicións Pazo da Cultura de Pontevedra
Entrada gratuíta até completar capacidade
Co apoio da Unidade de Igualdade de Vigo para a promoción da creación feminina de música contemporánea.

TOMBEAU ET DOUBLE
Desjardins-Anzelotti
Venres 28 outubro, 20:30h. LUGAR POR CONCRETAR

TROIS FOIS SILENCE
Vertixe Sonora Ensemble
Xoves 3 de novembro, 20:30h. MARCO Vigo

VOCI VICINE
KammarensembleN
Sábado 5 de novembro, 20:30h. Teatro Principal de Pontevedra

O ESPIRRO DE FRED OTT
Oh Ton Ensemble
Sábado 12 de novembro, 20:30h. MARCO Vigo
Entrada gratuíta até completar capacidade

MESA E OBXECTOS
Ángel Faraldo
Xoves 17 novembro, 20:30h. Ermida da Nosa Señora da Guía, Vigo

LUZ-NON-LUZ
Vertixe Sonora Ensemble
Sábado 19 de novembro, 20:30h. Auditorio Municipal do concello de Vigo

ENTROPÍAS
Proyecto Ocnos
Domingo 27 de novembro, 12:30h. Casa das Campás, Pontevedra
Entrada gratuíta até completar capacidade

DROIT SUR LES CLOCHES
Vertixe Sonora Ensemble
Domingo 11 de decembro, 20:30h. Casa das Artes de Vigo

Entrada concerto individual: 8 euros
Bono festival (6 concertos de pagamento): 30 euros
Entrada gratuíta ata completar capacidade: Coma espellos dun calidoscopio (13 outubro), O espirro de Fred Ott (12 novembro) e Entropías (27 novembro)
Venda anticipada en www.ataquilla.com
www.vertixesonora.net

COMA ESPELLOS DUN CALISDOSCOPIO
Vertixe Sonora Ensemble
Xoves 13 outubro, 20:30h. Sala de Exposicións Pazo da Cultura de Pontevedra
Entrada gratuíta até completar capacidade
Co apoio da Unidade de Igualdade de Vigo para a promoción da creación feminina de música contemporánea.



De esquerda a dereita, Ann Cleare, Anna Romashkova e Tania Lanfer.

Así como a semántica dun calidoscopio fai referencia a nocións da Grecia Antiga como "beleza" e "observación de formas belas", presentamos un programa de música e poesía que amalgama todas esas referencias e reivindica a diversidade da feminidade na música contemporánea actual a través da obra de mulleres compositoras en activo de distintas orixes, estética e culturas. Unha inmensa corrente de poesía musical, chea de detalles peculiares que a rotación calidoscópica da imaxinación descubre. A selección musical e a concepción do programa foi realizado conxuntamente pola compositora rusa Elena Rykova, residente en Harvard e a compositora brasileña residente no Ircam de París Michelle Agnes. A proposta complétase coa participación da poeta galega María do Cebreiro, que recitará poemas inéditos especialmente concebidos para o evento entre as distintas pezas de música. *Só brillar un pouco*, un solo de violín de Anna Romashkova (Rusia), *O cadrado de cor amarela clara que é a súa xanela* por Ann Cleare (Irlanda) para saxofón, piano, percusión e guitarra, *Estudos en resonancia II*, un solo de piano de Elo Masing (Estonia), *Lai de Bisclavret*, por Tania Lanfer (Brasil) para saxo e percusión, *Noch*, de Daniela Fantechi (Italia) para un saxofón, guitarra, percusión e piano, e unha nova peza de Julia Lorusso (Italia) para saxofón, piano, percusión e guitarra, compoñen esta hora de música.

ANNA ROMASHKOVA (RU). *Just shine a little* (2014) para violín só
ANN CLEARE (IR). *The square of yellow light that is your window* (2014) para saxo, piano, percusión e guitarra eléctrica
ELO MASING (EST). *Studies in resonance II* (2013) para piano só
TANIA LANFER (BR). *Lai de bisclolet* (2008) para saxo e percusión
DANIELA FANTECHI (IT) *Noch* (2016, versión revisada) para saxo, guitarra eléctrica, percusión e piano
María do Cebreiro, *recitado*
VERTIXE SONORA ENSEMBLE Mario Peris, *violín*/ Pablo Coello, *saxofón*/ David Durán, *piano*/ Rubén Barros, *guitarra eléctrica*/ Diego Ventoso, *percusión*

TOMBEAU ET DOUBLE
Desjardins-Anzelotti
Venres 28 outubro, 20:30h. LUGAR POR CONCRETAR

Solemne, de ritmo lento e carácter meditativo, o *tombeau* era no XVII francés, unha peza instrumental de loito de carácter lamentoso en homenaxe a un contemporáneo morto recentemente. O *dobre*, unha sombra –dúas ou tres veces máis rápida que o orixinal– cun movemento constante de notas que, en forma de variación, interpolábase nas danzas. No marco da Primeira Guerra Mundial Maurice Ravel recuperou o *tombeau* na súa particular homenaxe a Couperin. Alberto Posadas, un dos compositores españois de maior consideración internacional, conecta no seu *Tombeau et Double* para viola sola, pasado e futuro nunha reflexión que conmemora o pasamento do seu amigo Gerard Mortier, director artístico do Teatro Real entre 2010 e 2013 e unha figura de referencia da ópera internacional. Completan o programa *Do auga facendo xemidos....* de Rebecca Saunders, de Marco Stroppa, *Somos aire non terra,* creada a partires da cita do filósofo georgiano Merab Mamardashvili e que recolle a Nóbel Svetlana Alexievitch na súa obra *A oración*, e *Peinar o vivo* de Gerard Pesson, libremente inspirada no *Maestoso* da sexta sinfonía de Bruckner e no *Harold en Italia* de Berlioz.

Christophe Desjardins e Teodoro Anzelotti están considerados cada un no seu instrumento como auténticos mestres da interpretación. Dous artistas que reúnen ética musical, profundidade espiritual e unha perfección técnica que roza o inefable.

REBECCA SAUNDERS *...of water making moan (*20') acordeón só
GERARD PESSON (FR) *Peignez le vif* (10') acordeón e viola
ALBERTO POSADAS (ES) *Tombeau et double* vla
MARCO STROPPA (IT) *Nous sommes l'air, pas la terre* (10') acordeón e viola
DESJARDINS- ANZELOTTI Christophe Desjardins, *viola/* Teodoro Anzelotti, *acordeón*

TROIS FOIS SILENCE
Vertixe Sonora Ensemble
Xoves 3 de novembro, 20:30h. MARCO Vigo

Januibe Tejera

As pezas que compoñen este programa mostran distintos estados de desenvolvemento dunha mesma idea. Unha idea que leva obsesionando a Januibe Tejera os últimos anos: a idea do transo como un método para abarcar o que non percibimos normalmente. E están inspiradas nun personaxe singular, o Pai Antonio. Januibe Tejera coñeceu ao Pai Antonio durante o Festival Milano Music en 2014. Este compositor fixo un cambio radical de vida abandoando os praceres mundanos para adicarse por completo á caridade.

Como transferir as relacións dun fronte ao mundo? Como colocar ao público neste fráxil limiar a traves do transo? Estas preguntas atoparán resposta neste evento.

JANUIBE TEJERA (BRASIL, 1979) PLONGEON, frauta soa
TROIS CORDES FARFUMÉES, piano só
TROIS FOIS SILENCE (I) para frauta guitarra eléctrica e piano
TROIS FOIS SILENCE (II) para frauta guitarra eléctrica e piano

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Keiko Murakami, frauta/ David Durán, piano/ Rubén Barros, guitarra eléctrica

VOCI VICINE
KammarensembleN
Sábado 5 de novembro, 20:30h. Teatro Principal de Pontevedra

No seu políptico *Voci Vicine/ Voces próximas* Fabio Cifariello Ciardi reflexiona sobre a sociedade contemporánea e a crise política que padecemos a través de graves conflictos e disturbios: catástrofes naturais coma o tsunami de marzo de 2011 en Xapón, os Terremotos de l'Aquila (2009) ou de l'Emilia (2012) en Italia; o paro dos operarios da Medtronic-Invatec de Brescia (2011) e dos traballadores sardos de Sulcis (2012); a aversión xeralizada aos impostos e o abandono da política; ou as reaccións desproporcionadas da policía durante as protestas da convención do G-8 en Xénova en 2001 ou contra a contaminación electromagnética en Niscemi no 2013. Unha obra de triste actualidade trala recente destrución de Amatrice que recupera o esprito de arte comprometido política e socialmente dos anos sesenta italianos.

KammerensembleN (KeN) é un conxunto de música de cámara sueco que desenvolve un amplo repertorio de combinacións instrumentais até o formato da Sinfonietta. Foi creado en Estocolmo en 1984 e converteuse, co paso dos anos, na principal agrupación sueca, e como tal leva a cabo producións en festivais internacionais de todo o mundo.

FABIO CIFARIELLO-CIARDI (ITALIA, 1960) VOCI VICINE Paixón en 4 partes para periodista, video, ensemble e electrónica
Susana Regueira, *periodista*
KAMMARENSEMBLEN Peter Fridholm, *flauta*/ Kristian Möller, *clarinete*/ Ivo Nilsson, *trombón*/ Anders Kilström, *piano*/ Jonny Axelsson, *percusión*/ Göran Fröst, *viola*/ Chrichan Larson, *cello*/ Fabio Cifariello-Ciardi, *video e son*/ Renato Rivolta, *director*
www.kammarensemblen.com

O ESPIRRO DE FRED OTT
Oh Ton Ensemble
Sábado 12 de novembro, 20:30h. MARCO Vigo

En 1894 William Kennedy-Laurie Dickson gravaba co seu Kinetoscope como o actor Fred Ott toma un chisco de tabaco e espirra. Trátase dunha filmación muda de 5 segundos de duración que pasa por ser o primeiro filme estadounidense e que emprega o xermano Leopold Hurt coma base para crear a súa lúdica peza homónima. Na serie *Espello negro,* Frédéric Pattar, traza bosquexos sonoros nos que simplifica o rango tonal para focalizar un punto de escoita sobre todo o que está ao redor, como facían os paisaxistas ingleses no século XVIII.

Combinando inusuais instrumentos de tecla (celesta, piano de xoguete...) faremos un percorrido intercultural que dá conta das diversas influencias na sociedade xermana contemporánea: Percibiremos o forte compromiso político e estético coa súa identidade nativa da exilada compositora surcoreana Younghi Pagh-Paan, escoitaremos a escura *Réxime de illamento* de Eckart Beinke e, tamén, a virtuosística *Murmurio de frauta* do xaponés residente en Colonia, Inamori*,* ademais do clásico *Ave* do finado mestre italiano Franco Donatoni (1927 - 2000).

Con sede en Oldenburg, *Oh Ton* foi refundado en 1994 a partires do *Ensemble da Baixa Saxonia.* Cunha especial querenza polos instrumentos non orquestrais *Oh Ton Ensemble* ofrece na súa programación combinacións instrumentais na que participan ata vinte músicos do norte de Alemaña.

YOUNGHI PAGH-PAAN (COREA DO SUR, 1945) *Silbersaiten II* (2010) para clarinete, violonchelo e piano
FRÉDÉRIC PATTAR (FR, 1969) *Miroir noir III* (2009) para celesta, piano de xoguete, violín, viola e violonchelo
LEOPOLD HURT (AL, 1979) *Fred Ott's Sneeze* (2011) para clarinete baixo, violín, violonchelo, piano, percusión e cinta
FRANCO DONATONI (IT, 1927-2000) *Ave* (1987) para frauta piccolo, glockenspiel e celesta
ECKART BEINKE (AL, 1956) *einzelhaft* (2000) violoncello
YASUTAKI INAMORI (XAPÓN, 1978) *Mumbling Flute* (2013) para frauta solista con clarinete, violín e violonchelo

MESA E OBXECTOS
Ángel Faraldo
Xoves 17 novembro, 20:30h. Ermida da Nosa Señora da Guía, Vigo



Ángel Faraldo por Matteo Marongoni

Mesa e Obxectos é o último traballo de Ángel Faraldo coa mesa de mesturas sen entradas (no-input mixer). Unha peza que transmite unha fonda espiritualidade a través de sons xerados por retroalimentación, que procuran resonancias e ecos en pequenos obxectos cotiáns, que actúan a un tempo como filtros e amplificadores do son electrónico, nunha especie de ritual, de celebración máxica do próximo.

Ángel Faraldo (Ferrol, 1980) é un músico comprometido coa creación, a promoción e o ensino da música experimental. Activo como compositor e improvisador, a súa obra complétase con instalacións sonoras para espazos específicos e o deseño de son para danza e ópera. Está interesado na exploración sistemática de procesos que maximizan recursos mínimos, como se materializa no seu ciclo *The Feedback Study Series*, o seu sintetizador dixital *MISS* ou a súa aproximación á no-input-mixer. Ademais, desenvolve un intenso labor como intérprete e realizador de música electrónica en vivo e dedícase ao asesoramento e desenvolvemento de ferramentas dixitais para instrumentistas e compositores.

ÁNGEL FARALDO (ESPAÑA, 1980) *Mesa e obxectos*

http://www.angelfaraldo.info/

LUZ-NON-LUZ
Vertixe Sonora Ensemble
Sábado 19 de novembro, 20:30h. Auditorio Municipal do concello de Vigo

Anahita Abbasi e Jacobo Gaspar

Hai douscentos anos producíuse o denominado 'ano sen verán'. Foi en 1816 cando, como consecuencia da erupción do volcán Tambora un ano antes na actual Indonesia, unha nube de cinza que se estendeu por todo o mundo impediu que a luz do sol chegase de modo normal á terra, provocando un considerable arrefriado do clima no hemisferio norte. Non sería até 1920, cando o climatólogo americano William J. Humphrey establecese a relación entre ambos fenómenos.

O 'ano sen verán' tivo consecuencias terribles para a poboación en forma de fame e morte debido á perda das colleitas. Pero tamén tivo consecuencias na arte, como o poema de Lord Byron *Darkness*, o *Frankestein* de Mary Shelley ou moitos dos derradeiros cadros de William Turner que, empregando un estraño colorido para a época, evocan a cor avermellada que o ceo tiña entón debido ao modo en que as cinzas filtraban a luz solar.

ANAHITA ABBASI (IRÁN, 1985) *Nova obra**
JACOBO GASPAR (ESPAÑA, 1975) *Luz-non-luz**
EDUARDO CABALLERO (MÉXICO, 1976) *Nova obra**
BERNARDO BARROS (BRASIL, 1980) *Nova obra**

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Clara Saleiro, *frauta*/ Pablo Coello, *saxofón*/ Luís Duarte *trompa/* Vadim Yukhnevich, *acordeón/* David Durán, piano/ Rubén Barros, guitarra eléctrica/ Diego Ventoso, *percusión/* Mario Peris, *violín*/ Thomas Piel *violoncello* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Ramón Souto, *director*

ENTROPÍAS
Proyecto Ocnos
Domingo 27 de novembro, 12:30h. Casa das Campás, Pontevedra

Pedro Rojas-Ogáyar e Gustavo A. Domínguez

'A entropía tende a volver a música a un estado de ruído' Tristan MurailO termo grego *ἐντροπία* significa evolucion ou transformación. Orixínase ao percibirse unha dispersión de enerxía útil nas reaccións de combustión dos primeiros motores. A investigación sobre estas perdas deu lugar ao concepto, que define a irreversibilidade dos procesos termodinámicos. Tamén mide a desorde ou aleatoriedade (e a tendencia á orde) dun sistema. Na música actual procesos de entropía, fluxo temporal etc, son de maior relevancia na organización de estruturas musicais que os parámetros sonoros tradicionais.

Proyecto OCNOS, residente en Sevilla, pretende mostrar, a través dun grupo flexible e unha programación elixida coidadosamente, variada e imaxinativa, un panorama do universo sonoro dos séculos XX e XXI, poñendo especial atención aos compositores españois.

HELMUT LACHENMANN (ALEMAÑA, 1935) *Dal niente (interieur III)* (1970) percusión
WEI-CHIEH LIN (1982) *Om* (2016)
TRISTAN MURAIL (FRANCIA, 1947) *Tellur* (1977) clarinete
NURIA NÚÑEZ (ESPAÑA, 1980) *Nova Obra* (2016)
PROYECTO OCNOS Pedro Rojas-Ogáyar, *guitarra*/ Gustavo A. Domínguez, *clarinete*

http://www.proyectoocnos.com/

DROIT SUR LES CLOCHES
Vertixe Sonora Ensemble
Domingo 11 de decembro, 20:30h. Casa das Artes de Vigo

Eduardo Moguiillansky

'Na era pre-eléctrica a campá foi o medio dominante, o aparello de sincronía, o único xeito de organizar unha acción conxunta. A súa infinita sutileza combinatoria sinalizaba desastres naturais, mortes, festivos. A confiscación de campás é parte dunha forte tradición de dominio acústico (algúns lembrarán as loitas entre tambores e campás durante a caída de Constantinopla). O comandante da artillería tiña o dereito (o chamado *Droit sur les cloches*) para reclamar os exemplares da cidade derrotada. Despois da batalla de Danzig Napoleón forzou o pagamento dun rescate polas campás, baixo a ameaza de remoldealas como armas. Outros tiveron menos sorte: no transcurso das dúas guerras Alemaña ordenou 145.000 campás dereparto. O silencio do tanguido era sinónimo de submisión'

RAMÓN SOUTO (ES, 1976) *Inventario**
EDUARDO MOGUILLANSKY (ARX, 1976) *Droit sur les cloches**
VERTIXE SONORA ENSEMBLE Keiko Murakami, frauta/ Felipe Agell, *clarinete/* Pablo Coello, *saxofón*/ Sergio Pacheco *trompeta/* Iago Ríos, *trombón/* Isidro García, *acordeón/* David Durán, piano/ Rubén Barros, guitarra eléctrica/ Diego Ventoso, *percusión/* Mario Peris, *violín I/* Kiyoko Ohashi, *violín II/* , Algaya González, *viola/* Thomas Piel, *violoncello/* Ramón Souto, *director*

FESTIVAL VERTIXE SONORA

FORO INTERNACIONAL CAuSaL 16

Obradoiros, cursos e conferencias de arte sonora e música contemporánea
En colaboración co Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo e o Grupo de Investigación DX7 da Universidade de Vigo.

Espazo de discusión ao redor da composición de música contemporánea no que compositores cunha traxectoria consolidada e novas promesas do panorama internacional falarán dos procesos creativos que se agochan detrás do seu traballo. cAuSaL está aberto a compositores, instrumentistas, estudantes e aquelas persoas interesadas no acontecer sonoro que desexen achegarse.

Obradoiros na Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Creatividade sonora con Michelle Agnes
Luns 10 e martes 11 de outubro
De 11.00 a 13.00 e de 16.30 a 19.30

SNDTRCK con Eduardo Moguillansky
Mércores 2 e xoves 3 de novembro
De 11.00 a 13.00 e de 16.30 a 19.30

Conferencias no Conservatorio Superior de Música de Vigo

Trois fois silence con Januibe Tejera
Mércores 2 de novembro
De 11.00 a 12:00

Droit sur les cloches con Eduardo Moguillansky
Venres 4 de novembro
De 11:00 a 13:00

Luz-Non-Luz con Anahita abbasi, Bernando Barros e Eduardo Caballero
Venres 18 de novembro
De 11:00 a 14:00

ALIEN 2016. Obradoiros instrumentais no CSM Vigo

Christophe Desjardins, viola. Sábado 29 de outubro
Teorodor Anzellotti, acordeón. Sábado 29 de outubro

MÚSICAPORDENTRO2016

Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria.
Coordina: Jaime Estévez